

# PROGRAMA SÓCRATES II

## PARTICIPACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NA ACCIÓN ERASMUS DO PROGRAMA SÓCRATES II

Dada a evolución do programa Sócrates e con vista a actualiza-la normativa académica do programa, aprobada no Consello de Goberno do 16 de abril de 1996,

I. **A Universidade da Coruña impulsará no seu seo, a través da Comisión Sócrates, a acción Erasmus no marco do programa Sócrates II, co fin de que os seus beneficios poidan ser alcanzados polo maior número de universitarios posible. Poñeranse os medios necesarios para o cumprimento dos compromisos especificados na CARTA UNIVERSITARIA ERASMUS (que substitúe o Contrato Institucional) outorgada á Universidade da Coruña pola Comisión Europea en marzo de 2003, para os anos 2004-2007. Os devanditos compromisos son os seguintes:**

- Respetar e observa-los principios do programa Erasmus no relativo á mobilidade.
- Garanti-lo apoio ós proxectos transnacionais Erasmus, en particular, proporcionando axuda institucional ó persoal encargado dos proxectos transnacionais aprobados.
- Informa-los estudantes e profesores sobre o programa Erasmus.
- Cumpri-las normas sobre mobilidade establecidas no Contrato entre a institución e a Axencia Nacional.
- Face-lo posible para garantir unha organización de alta calidade na mobilidade dos estudantes e do persoal docente.
- Respecta-las políticas comunitarias transversais de igualdade entre homes e mulleres, integración de estudantes e profesores con discapacidades físicas, e reforzo da cohesión social e económica e loita contra a xenofobia e o racismo na institución.

## II. ERASMUS

Establécense:

- a. Condicionantes académicos dos convenios bilaterais que se realicen baixo este programa.
- b. Estructura académico-administrativa para levar a cabo a organización e o seguimento do programa.

## CONDICIONANTES ACADÉMICOS DOS CONVENIOS BILATERAIS QUE SE REALICEN BAIXO ESTE PROGRAMA

O propio programa SÓCRATES II tamén estipula no seu proxecto e na súa metodoloxía gran parte dos condicionantes académicos que han de cumprí-las accións ERASMUS.

Adicionalmente e para as propostas de intercambio de estudantes con outras universidades da Unión Europea (e outros países recollidos no programa SÓCRATES II) as actuacións que se proxecten deberán de especificar, necesariamente, os seguintes puntos:

### 1. recoñecemento académico polo sistema ECTS:

- un ano académico fóra será recoñecido por 60 créditos ECTS
- un semestre será recoñecido por 30 créditos ECTS
- un trimestre será recoñecido por 20 créditos ECTS

Neste caso, os centros da Universidade da Coruña deberán ter aprobados os créditos ECTS, xunto cunha guía ECTS e así mesmo deberán estar especificados os anos, semestres ou trimestres do plan de estudo no cal se encontran matriculados os estudantes beneficiarios da bolsa ERASMUS.

## 2. recoñecemento académico polo sistema tradicional ou recoñecemento parcial por ECTS :

- a. Titulación e plan de estudos no que se encadrarán os estudos realizados polo estudante da Universidade da Coruña na universidade de acollida.
- b. Nome e número de créditos das materias troncais e obrigatorias do plan de estudos que se recoñecerán polos cursados na universidade de acollida.
- c. Número de créditos de materias optativas do plan de estudos que se recoñecerán polos estudos realizados na universidade de acollida.
- d. Número de créditos de materias de libre elección do plan de estudos que se recoñecerán polos estudos realizados na universidade de acollida.

Todos estes datos deberán ser propostos polo centro á Comisión Sócrates (a través do Servizo de Relacións Internacionais) e serán definitivamente aprobados pola Comisión de Plan de Estudos da Universidade da Coruña, dando conta ó Consello de Goberno dos convenios bilaterais para a súa posterior sinatura por parte do reitor .

## **ESTRUCTURA ACADÉMICO-ADMINISTRATIVA**

A estrutura mínima especificase a continuación:

- a) A Comisión SÓCRATES estará integrada por:
  - a. O reitor, ou a persoa que este designe, que actuará de presidente.
  - b. A directora do Servizo de Relacións Internacionais, que actuará de secretaria con voz e sen voto.
  - c. Oito profesores de centros diferentes, dous de cada un dos ámbitos científicos de: ciencias, humanidades, tecnolóxico e xurídico social. Os oito profesores serán elixidos polo Consello de Goberno e nomeados polo reitor.
- b) Esta Comisión Sócrates terá a súa sede nos locais do Servizo de Relacións Internacionais.
- c) Son funcións desta comisión as seguintes:
  - a. A elaboración da política europea da universidade, especialmente referente a mobilidade de estudantes e profesores.
  - b. Asesora-lo reitor sobre os temas relativos ó programa Erasmus, proponendo medidas para o seu desenvolvemento e xeneralización.
  - c. Informar das diversas propostas dos centros da UDC antes do seu envío á Comisión de Plans de Estudos da universidade.
  - d. Fomenta-la actividade académica do programa Erasmus nos centros da UDC, informando periodicamente ós correspondentes responsables académicos.
- d) A xestión administrativa será levada de forma centralizada polo Servizo de Relacións Internacionais da universidade. O dito servizo subministrará a información sobre o programa Erasmus á comunidade universitaria organizando reunións informativas nos centros e a través da súa páxina Web ([www.udc.es/rrii](http://www.udc.es/rrii)).
- e) A xestión académica do programa será coordinada polo presidente da Comisión Sócrates.